

ANEXO VII

PLAN DE

CONVIVENCIA

CEIP SERRA

VINCIOS

CEIP SERRA VINCIOS

- 1. XUSTIFICACIÓN**
 - 1.1. Marco conceptual
 - 1.2. Consideracións previas
 - 1.3. Marco lexislativo
- 2. ANÁLISE DA SITUACIÓN**
 - 2.1. Análise do contorno
 - 2.2. Análise da situación escolar e das accións implementadas
 - 2.3. Detección de necesidades
- 3. COMISIÓN DE CONVIVENCIA**
 - 3.1. Composición
 - 3.2. Reunións
 - 3.3. Funcións específicas
 - 3.4. Competencias
- 4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**
- 5. ACTUACIÓN, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA**
- 6. PROTOCOLO DE ACOSO ESCOLAR**
- 7. NORMAS DE CONVIVENCIA, DEREITOS E DEBERES**
 - 7.1. Normas xerais de comportamento e convivencia
 - 7.2. Dereitos e deberes do profesorado
 - 7.3. Dereitos e deberes dos alumnos e alumnas
 - 7.4. Dereitos e deberes das familias
 - 7.5. Dereitos e deberes do persoal non docente
 - 7.6. Condutas contrarias á convivencia
- 8. MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA**
- 9. MEDIACIÓN ESCOLAR**
 - 9.1. Características da mediación escolar
 - 9.2. Fases da mediación escolar
 - 9.3. Equipo de mediación
- 10. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA**
 - 10.1. Criterios e condicións para a atención do alumnado
 - 10.2. Actuacións da aula de convivencia inclusiva
 - 10.3. Profesorado que atende a aula de convivencia inclusiva
 - 10.4. Actuacións do Departamento de Orientación
 - 10.5. Horario, localización e instalación
 - 10.6. Material didáctico
- 11. MECANISMO DE COORDINACIÓN INTERNA DO CENTRO, COAS FAMILIAS E OUTROS CENTROS E ORGANISMOS**
- 12. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN**
- 13. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA**

ANEXO 1: FASES DA MEDIACIÓN: MODELOS DE GUIÓN

ANEXO 2: MODELOS DE FICHAS E INFORMES DA AULA DE CONVIVENCIA

1. XUSTIFICACIÓN

1.1. Marco conceptual

Cada vez é máis frecuente atopar nos centros educativos unha crecente crispación orixinada polos problemas cotiás de convivencia entre os/as alumnos/as, entre alumnos/as e mestres/as e entre o profesorado e as familias. Os casos manifestos de rachadura da convivencia nos centros educativos fan necesario comprender as causas dos problemas que se formulan. Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas; máis igualitarias, cohesionadas e pacíficas, nas que fenómenos como o acoso escolar, a violencia doméstica, a violencia de xénero, o maltrato... non teñan cabida.

A educación para a convivencia responde á necesidade de formar unha cidadanía preparada para desenvolver a súa vida respectándose a si mesmo/a, ás demais persoas e responsabilizándose dos seus actos.

Os centros educativos deberían ser espazos onde compartir vivencias xuntos/as, iso é a convivencia. Desde que cada alumno e cada alumna traspasa o seu limiar, todo canto alí acontece, non só o que pasa dentro das aulas, adquire carácter educativo e pode facilitar ou dificultar a convivencia. Cando nun centro xorden problemas de convivencia, todas as persoas da comunidade educativa deben ser parte da súa solución. Nesta liña, o Plan de Convivencia propiciará cambios positivos nos modelos de organización escolar, nos currículos, no profesorado, na formación permanente do mesmo, no alumnado, nas relacións coas familias; é dicir, no contexto xeral dos centros escolares. A elaboración deste Plan é, sen dúbida, un proxecto que require un importante esforzo de toda a comunidade educativa, pero tamén é un reto que asumimos tendo un coñecemento o máis fondo posible da nosa realidade de partida sobre a que ir artellando as nosas propias accións de mellora, como un aspecto relevante do Proxecto Educativo do Centro (PEC). Neste senso cobra unha vital importancia o labor que se debe levar a cabo desde a titoría coa conseguinte revitalización do Plan de Acción Titorial (PAT).

O obxectivo final é a mellora da convivencia no centro e en toda a comunidade educativa como resultado da análise, da reflexión e do acordo.

1.2. Consideracións previas

Para desenvolver este Plan de Convivencia partimos das seguintes consideracións previas:

- A elaboración do Plan de Convivencia é o resultado da implicación de todos os sectores que formamos a Comunidade Educativa: profesorado, pais e nais e alumnado, para o fomento dunha boa convivencia no Centro.
- A prevención é a principal recomendación para a mellora da convivencia, en consecuencia o noso traballo centrarase en previr as condutas contrarias a ela no noso centro. Priorizaremos aquelas actuacións preventivas destinadas ao coñecemento previo dos dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa e das normas necesarias para unha convivencia pacífica e respectuosa.
- A convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental en todo proceso educativo. Pretendemos establecer a organización e o funcionamento do noso colexio

en base ao respecto e á responsabilidade persoal, á participación e ao traballo cooperativo, ao rexeitamento de toda discriminación e á compensación das desigualdades.

- O conflito é inherente á vida en común das persoas. É algo normal en toda sociedade libre e democrática. Debe entenderse como algo positivo para desenvolver o labor educativo e, sobre todo, servir como medio de aprendizaxe a procura dalgunha solución ao conflito de forma democrática, dialogada e pacífica.
- En materia de Convivencia e disciplina os alumnos están obrigados ao cumprimento no disposto nas NOF. Cando sexa necesaria unha corrección ou sanción terá un propósito formativo, de modo que se garanta tanto o bo funcionamento xeral como a socialización ordenada e autónoma de todo o alumnado.
- As actitudes a desenvolver e a organización do Centro en materia de convivencia deberán basearse nas Normas de Convivencia establecidas nas NOF en vigor.
- A colaboración coas familias adquire un papel central na educación do alumnado, debendo estreitar a devandita colaboración.
- Desenvolver unha convivencia axeitada na aula precisa que exista un bo nivel de coordinación entre o equipo docente. Esta deberá establecerse sobre o esencial, marcando unha actuación coherente e unha mesma liña de traballo.
- A acción titorial é un instrumento de gran importancia para desenvolver a convivencia a través dela. O profesorado pode dispor dinámicas de consolidación do grupo-clase, achegar información ao profesorado e ás familias, desenvolver actitudes de comunicación, intercambio e coñecemento mutuo, de habilidades sociais,... O noso PAT debe ser asumido e coñecido por todas as partes implicadas coa finalidade de asegurar unha boa implementación e a súa contribución á mellora da convivencia no centro.

1.3. Marco lexislativo

Este Plan toma como documentos de referencia para a súa redacción as seguintes disposicións legais:

- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio de 2006, de educación.
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN

2.1. *Análise do contorno*

O CEIP “SERRA-VINCICIOS” atópase nunha parroquia do concello de Gondomar, nunha área chamada “Vincios”, de onde toma o seu nome. O centro é de titularidade pública, no que se imparten actualmente o 2º ciclo de E.I e os seis cursos de E. Primaria.

Situado nunha comarca do interior, situado nun ambiente plenamente rural. Trátase dun centro identificado cun barrio definido - Vincios - con entidade propia e asociado a un contexto social determinado. Na zona tódalas construcións son vivendas unifamiliares, con gran presenza de espazos verdes e boas infraestruturas socioculturais, tanto o *centro veciñal* que é moi activo, organizando todo tipo de actividades lúdicas e formativas con gran presenza da banda de música, coma a *asociación de montes*, son un vínculo moi importante para o colexio. Aínda que para outras actividades deben desprazarse ao centro da localidade, que está enclavada a dez minutos, o que fai necesario contar con medios de desprazamento, humanos e materiais, para que os alumno/as teñan posibilidade de asistir a moitas actividades organizadas nas diferentes institucións e organismos do Concello.

O alumnado deste Centro provén maioritariamente da parroquia de Vincios, e unha porcentaxe máis reducida das parroquias limítrofes, debido á oferta de servizos do centro, como a aula matinal e o comedor e que tamén nos atopamos nunha vía importante de comunicación cara a cidade de Vigo, pola que acoden moitos pais e nais para desprazarse ao seu traballo.

Dende o punto de vista económico a maior parte da poboación activa dedícase a labores relacionadas co sector secundario. A maior parte das familias se dedican ao traballo na industria, na construción ou no sector, fóra da localidade, compaxinándose ou complementándose coa agricultura e a gandería como subsistencia a nivel familiar. O nivel de vida pódese situar, nun termo medio, de clase media-baixa. A incidencia do paro tende a subir nos últimos tempos.

O centro colabora co Concello, por medio de diversas asociacións como o “espazo de lectura”, coa ANPA colabora a un gran nivel, sendo esta a xestora do comedor escolar e fomentándose toda clase de actos culturais, sociais e deportivos.

Pódese afirmar que na maioría das familias a lingua habitual é o galego; e nunha porcentaxe menor o castelán.

No que atinxe á lingua vehicular usada no centro polos/as alumnos/as é o galego, utilizándose este na maioría das materias; lingua galega, ciencias sociais, ciencias naturais, educación musical e artística e educación física. A nivel de profesorado emprégase maioritariamente o galego e a nivel de centro nos documentos, circulares, notas oficiais e internas do colexio tamén a lingua empregada é o galego, tendo en conta en todo momento o establecido no Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Cabe mencionar que contamos tamén con persoal non docente: coidadora, conserxe, persoal de comedor e axudante de autobús.

2.2. *Análise da situación escolar e das accións implementadas*

Baseámonos aquí na análise das actuacións desenvolvidas ata o momento: actuacións individuais, puntuais, do equipo directivo, dos equipos de ciclo, do departamento de orientación, da comisión de coordinación pedagóxica, da comisión de convivencia, aquelas realizadas en colaboración con outras entidades, etc.

En primeiro lugar contamos cunha Normas de Organización e Funcionamento como o instrumento que regula os diversos aspectos da convivencia no centro, en especial os dereitos e deberes de alumnado e profesorado, as normas contrarias á convivencia e as correccións previstas.

No Plan de Acción Titorial recóllense diversas actividades que realizamos e están favorecendo a convivencia:

- ✚ Actuación directa dos/as titores/as ao longo do horario de clases.
- ✚ Actividades da Semana da Paz, organizadas ao redor da celebración do Día Internacional da Paz. Cada ano elíxese un lema que unifique as actividades a nivel de aula e de centro.
- ✚ Titorías coas familias para tratar aspectos de comportamento dos/as fillos/as, tanto individualmente como de grupo.

2.3. Detección de necesidades

EDUCACIÓN INFANTIL

Os conflitos máis habituais na aula débense a que non saben respectar quendas nin espazos: todos queren falar primeiro e ser escoitados de primeiros, e cando non é así, ás veces, hai un conflito que se soluciona coa intervención do adulto, nestes casos é a mestra ou mestre quen media escoitando a versión de ambos, explicándolles a situación, recordándolles as normas de clase....

Hai algún outro tipo de conflitos que obedecen ao comportamento individual con algún tipo de agresividade; cando é así, trátase de solucionalo na clase, comunicarllo á súa familia para traballar en equipo e, se é necesario, se pide axuda ao departamento de orientación.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Os principais conflitos que xorden na educación primaria poden resumirse nos seguintes:

- Pelexas pola organización na fila.
- Non deixar xogar a un compañeiro.
- Falta de respecto entre compañeiros (insultos, burlas...)
- Pelexas e enfrontamentos sobre todo á hora de xogo libre (recreos...)
- Falta de obediencia a profesores maiormente ao saír da aula (pavillón, saídas...)
- Condutas disruptivas: comportamentos obxectivamente non agresivos que deterioren ou interrompen o proceso de ensino-aprendizaxe, como poden ser interromper as explicacións do mestre/a, non atender ou non deixar atender aos compañeiros, non respectar a quenda de palabra....

- **Conduitas agresivas:** fan referencia a comportamentos intencionados que se realizan para facer dano a outra persoa e que causan pracer ou recompensan a quen as realiza, que poden ser tanto destinadas aos compañeiros como aos mestres e mestras.

FAMILIAS

Cabe mencionar que entre as familias, ás veces, xorden conflitos. Aínda así, as relacións coas familias son boas, implicándose estas nas propostas que se realizan, fundamentalmente a través das reunións nas titorías. Obsérvase que os/as pais/nais, debido aos horarios de traballo e aos costumes sociais, teñen unha menor participación na vida escolar dos seus fillos e fillas. As familias deben coñecer as normas que se aplican no colexio e reforzalas na casa.

O noso alumnado coñece as normas, pero a algúns é necesario mostrarlles como actuar e resolver os conflitos e para iso é imprescindible a implicación das familias. Nalgúns casos será necesario realizar un traballo especial con algunhas familias, para facilitarlles o apoio, axuda e orientación que deben ofrecer aos seus fillos e fillas.

3. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Atendendo ao establecido no artigo 6. A comisión de convivencia, do **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar**, a comisión de convivencia terá un carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto no plan de convivencia e nas normas de convivencia do centro.

3.1. Composición

A constitución da Comisión da Convivencia no centro lévase cabo seguindo as instrucións establecidas para tal fin no **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar**.

Ó abeiro do **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar**, a Comisión de Convivencia queda composta, segundo o *artigo 6º apartado 2 que recolle a composición do Comisión de Convivencia*, polos seguintes membros:

- **Coordinadora:** orientadora do centro.
- **Dous representantes do profesorado, pertencentes ao Consello Escolar.**
- **Representante das nais e pais no Consello Escolar.**
- **Representante do persoal non docente no Consello escolar.**

O nomeamento dos membros elixidos será por un período de dous anos e será renovable por outros dous. Se un dos membros perde a súa representatividade, nomearase un substituto, que exercerá o cargo polo tempo que reste.

3.2. Reunións

Atendendo ao citado no artigo 6, apartado 3 do **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar**, a Comisión de Convivencia manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

3.3. Funcións específicas

Ó abeiro do disposto no artigo 6 apartado 4 do **Decreto** anteriormente citado, esta Comisión da Convivencia Escolar ten como **funcións específicas** as seguintes:

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia escolar, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar ó consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos ao centro
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa
- Desenvolver diferentes actividades para a prevención e /ou solución de posibles conflitos que poidan xurdir no ámbito educativo.
- Coordinar a mellora do clima escolar, a través da función titorial e propoñer accións cooperativas.
- Asesorar ao resto do profesorado na inclusión de dinámicas de aula, que propicien a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.

- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro ou polo órgano da Administración educativa con competencia na materia.

3.4. Competencias

As **competencias** da comisión de convivencia escolar son as seguintes:

- Seleccionar aqueles ámbitos do PAT que máis inciden na convivencia e revisar a súa adecuación.
- Velar pola incorporación e tratamento no PAT de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e dinámicas de grupo.
- Colaborar na dinamización do plan de convivencia
- Coordinar actuacións no centro, a realizar desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, de negociación e diálogo e de cultura de paz.
- Colaborar co departamento de orientación no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores da detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Realizar un informe trimestral, logo das sesións de avaliación sobre o estado da convivencia, con propostas de mellora en función dos logros acadados e das dificultades existentes.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática.
- Valorar as posibilidades de colaboración con organizacións, institucións e colectivos do contorno que poidan completar e reforzar o traballo de centro.

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os **obxectivos específicos** que se propón a Comisión de Convivencia Escolar son:

- Desenvolver unha intervención preventiva como medio para lograr un clima positivo de autoestima e confianza mutua, de empatía e tolerancia, esenciais para conseguir, entre todos/as, un marco de convivencia que faga innecesaria a adopción de medidas disciplinarias, priorizando a educación en valores entre os contidos do currículo.
- Desenvolver accións que faciliten a convivencia entre os membros da comunidade educativa e traballar aqueles aspectos favorecedores das relacións interpersoais, como a educación emocional, a competencia social ou a interculturalidade.
- Desenvolver no alumnado as habilidades relacionadas coa empatía e as habilidades sociais, con especial énfase na autoestima e na estima aos/ás demais.
- Formar á comunidade educativa en estratexias de resolución de conflitos, entendendo que estes son parte inherente á vida, buscando modos axeitados para resolvelos.
- Priorizar a resolución dos conflitos de xeito formativo mediante a negociación e o diálogo, co esforzo conxunto de mestre/a e alumnado.
- Practicar unha metodoloxía participativa na que o alumnado sexa protagonista, e que inclúa o traballo cooperativo, as dinámicas de grupo, as asembleas de clase, etc.
- Unificar os criterios de actuación diante dos problemas de conduta do alumnado, evitando contradicións que desorienten aos/ás alumnos/as.
- Utilizar as medidas punitivas como último recurso para solucionar os problemas de convivencia, e só despois de esgotar as estratexias motivacionais e educativas.

- Promover a implicación das familias na prevención/resolución de conflitos.

5. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

Actuacións	Responsables	Estratexias	Recursos	Tempos
Presentación do Plan de Convivencia ás familias, profesorado e alumnado.	Equipo directivo, orientador e titores.	Reunión informativa, entrevistas persoais.	P.E., RRI, salón de actos, aulas,...	1º trimestre
Unificación de criterios entre todo o profesorado para ter claras as medidas a aplicar a fin de evitar as contradicións e ambigüidades en caso de conflito.	Todo o profesorado.	Xuntanzas de Claustro para unificar criterios.	RRI, P.E.	Principio de curso. No momento que xurda o conflito
Actividades de formación para o profesorado en estratexias de resolución de conflitos	D.O e profesorado	O D.O facilitará ós titores información referida ó tema en cuestión. O CFR ou outros organismos organizan cursos de formación	Cursos,xornadas, seminarios formativos:charlas, debates,material impreso, etc.	Principio de curso.
Establecemento dun clima de clase baseado nas normas negociadas e acordadas que serán asumidas por toda a comunidade educativa.	Todo o profesorado.	As normas xerais acordadas no marco do Plan de Convivencia e RRI estarán visibles en tódalas aulas e corredores.	RRI, P.E., carteis elaborados polo alumnado e profesorado.	1ª semana de curso.
Desenvolvemento dun Programa de Habilidades Sociais e resolución de Conflitos consorte ó reflectido no PAT.	D.O e titores.	O D.O revisará, adaptará e informará sobre os programas. Os equipos de ciclo adaptan os contidos ó nivel psicoevolutivo do alumnado.	Programa PEHIS, Programa ESCyPI, Método EOS, Libro "aprender a convivir" de Xares, "educación en valores" de Fresco Calvo	Ao longo de todo o curso
Asembleas de clase para analizar a marcha da convivencia en cada grupo.	Titores Dpto. Orientación. Xefatura de Estudos	O D.O baixo supervisión de Xefatura de Estudos elaboran un cuestionario sobre a convivencia. O titor aplica o cuestionario e debátense as	Cuestionario Sociograma.	1º, 2º ,3º trimestre

		conclusionés no grupo		
Celebración do “Día da non violencia contra as mulleres” 25 de Novembro Celebración do “Día da Paz e a Non Violencia”. 29 de Xaneiro	Equipo Directivo. Titores Dpto. Orientación. Xefatura	Traballo nas distintas titorías sobre temas en relación co Sexismo, a Paz, en colaboración co D.O. Exposicións de traballos. Celebracións no centro.	Normas de convivencia. Material audiovisual. Traballo elaborado polos grupos. Trípticos, obradoiros, etc.	Última semana de novembro e de xaneiro
Desenvolvemento das tarefas de titoría cando a persoa titora o estime necesario.	Titores Dpto. Orientación.	A persoa titora fomentará os valores democráticos de convivencia e tolerancia empregando unha metodoloxía participativa	Normas de convivencia. Carpetas de titorías con materias. Material audiovisual. Traballos elaborados polos grupos.	En calquera momento o longo do curso
Formación ás familias en estratexias de resolución de conflitos, detección de malos tratos entre iguais, etc.	Equipo Directivo Dpto. Orientación.	Escola de Pais e Nais	Sesións informativas e material impreso.	Ao longo do curso.

6. PROTOCOLO DE ACOSO ESCOLAR

Para os casos especiais de alumnos/as que protagonicen posibles situacións de acoso e intimidación entre iguais teremos en conta os protocolos establecidos na publicación editada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, no ano 2007, Plan de Convivencia do Centro, no seu anexo XIII.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN UNHA VEZ DETECTADO O ACOSO

Aínda que a liña de actuación prioritaria que se recolle nesta publicación vai enfocada á prevención e á paulatina mellora da convivencia escolar, cómpre establecer protocolos comúns de actuación unha vez que situacións graves, como o acoso, están documentadas e probadas.

É imprescindible diferenciar claramente outro tipo de manifestacións violentas (sen continuidade no tempo, sen inferioridade dalgunha das persoas participantes,...) dos casos de verdadeiro acoso escolar. As situacións de acoso veñen definidas pola coincidencia simultánea de:

- evidente intención de facer dano
- condutas agresivas reiteradas

- desequilibrio de fuerzas entre a persoa ou persoas acosadoras e a vítima.

Non debemos esquecer tampouco que calquera membro da comunidade educativa ten a obriga de poñer en coñecemento do equipo directivo do centro a posible existencia de indicios razoables dunha situación desta índole. A partir desta detección hai que realizar unha recollida de información e contraste da mesma, que permita tomar a decisión máis axeitada a cada caso concreto.

Podemos acudir a distintos modelos de recollida e estruturación da información para facilitar a tarefa de investigación que hai que levar a cabo. Unha vez constatado que realmente se está ante un caso de acoso escolar:

- 1) A dirección do centro redactará un informe no que se reflictan os datos significativos recollidos na investigación, que se remitirá á Inspección Educativa.
- 2) O centro informará da situación á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e á Fiscalía de Menores. Estas institucións débense poñer en contacto cos Servizos Sociais do Concello, se existen e, de non existir, con Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- 3) Convén estar en contacto cos distintos servizos e institucións para realizar actuacións coordinadas.
- 4) A dirección do centro manterá informado do proceso que se está a seguir ao Consello Escolar, que é o responsable de impoñer as oportunas correccións. O expediente seguirá o curso establecido no Real Decreto 732/1995, do 5 de maio de 1995, dereitos e deberes dos alumnos e normas de convivencia (Capítulo III). En todo caso, ao intervir a Fiscalía de Menores, o expediente quedará en suspenso en espera da correspondente resolución xudicial.
- 5) O centro educativo arbitrará medidas de actuación, complementarias ás correctivas, que permitan paliar os efectos negativos da situación de acoso e eviten que se repita. Para a organización das mesmas é fundamental ter en conta a información recollida ao longo do proceso de investigación para poder adaptalas a cada caso en concreto en función das súas características. Estas actuacións levaranse a cabo coa vítima, coa persoa ou persoas agresoras e coas persoas observadoras en particular, e, dun xeito máis global, con toda a comunidade educativa. É moi importante a contextualización destas actuacións e que nelas estean involucradas todas as persoas ou institucións que poidan contribuir positivamente: equipo directivo, titorías, profesorado, departamento de orientación, familias, persoal non docente, equipos de orientación específicos, servizos sociais, Fiscalía de Menores, ONG, asociacións (veciñais, culturais, etc.)...
- 6) Estas actuacións deben ser coñecidas polo Consello Escolar, que valorará a súa eficacia.

ESTRATEGIAS DE PREVENCIÓN

Estratexias organizativas e de prevención no centro:

- Potenciar o funcionamento da Comisión de convivencia do centro.
- Promover a participación na elaboración dos documentos do Plan de Convivencia e a súa difusión á comunidade educativa.

- Solicitar o apoio e o asesoramento do Departamento de Orientación ante situacións que poidan derivar en acoso escolar.
- Reunións periódicas dos titores co obxecto de deseñar accións para a mellora da convivencia do centro.
- Organización de grupos de traballo que favorezan as relacións persoais.
- Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.
- Desenvolvemento de todas as competencias clave, en especial as competencias sociais e cívicas.
- Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.
- Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade.
- Vixilancia en zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...
- Desenvolvemento do programa de habilidades sociais.
- Formación do alumnado, familias e profesorado en materia de acoso escolar e ciberacoso.

Estratexias de prevención na aula:

- Elaboración de normas de convivencia incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre os compañeiros e compañeiras, sensibilizando sobre o dano que produce o maltrato, rexeitando todos os tipos de violencia e establecendo propostas de recuperación en caso de incumprimento.
- Realizar actividades de titoría referidas a relacións no grupo, fomento da amizade, tarefas colaborativas, sensibilización fronte ó maltrato, análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos, etc.
- Traballar no grupo habilidades sociais asertivas e de autoconecemento: valoración mutua e respecto; autocontrol, empatía e resistencia á frustración; habilidades prosociais e destrezas para a xestión das emocións.
- Facilitar ó alumnado canles para que poida comunicarse co profesorado.
- Utilizar sesións de titoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e absentismo.
- Seguimento do clima relacional da aula. Aplicación e valoración de cuestionarios sociométricos.

- Manter contactos periódicos coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración.

7. NORMAS DE CONVIVENCIA, DEREITOS E DEBERES

7.1. Normas xerais de comportamento e convivencia

- Como norma xeral establécese o mutuo respecto e colaboración entre todos os membros da Comunidade Educativa. É deber fundamental de todos e todas.
- Crear un clima de convivencia e eficacia educativa, nun proceso aberto no que, cun máximo de liberdade, prime a autorresponsabilidade e o compromiso mutuo de respectar e garantir os dereitos dos outros.
- É obrigación do alumnado asistir a clase e permanecer no centro durante as horas lectivas.
- Todos os membros da Comunidade Educativa están obrigados a coidar e facer coidar o edificio e facer un bo uso do mobiliario e do material propio, alleo e/ou común.
- Cada grupo de alumnos/as é responsable do coidado e mantemento da aula na que realizan as súas tarefas, e está obrigado individual, se é posible determinar o autor/a dos feitos, ou colectivamente, a reparar os danos causados ou facerse cargo dos custos económicos da súa reparación.
- O equipo de profesores/as que imparte clase no grupo, coordinado polo titor/a, velará ao longo do curso pola limpeza e bo estado da clase. A actitude do alumnado que reiteradamente lixe o material da aula será considerada falta leve, e ademais os alumnos/as deberán limpar a aula ou material para deixalo como estaba. Todo deterioro provocado por un uso indebido deberá ser reparado, e, no seu caso, aboado polo seu autor/a ou autores/as. Este feito será obxecto de falta leve.
- As mesas e cadeiras deberán estar ben colocadas e en orde, na posición que indique o titor/a. Se un profesor/a opta por outra colocación, coidará que ó final da súa clase o mobiliario quede na súa posición inicial.
- Ao rematar a xornada, para facilitar a tarefa do persoal de limpeza, as mesas e cadeiras quedarán ordenadas coas cadeiras sobre as mesas, as fiestras pechadas e as luces apagadas.
- O alumnado e os demais membros da comunidade educativa usarán as papeleiras para depositar calquera tipo de lixo e de residuos.
- Cómpre vir ao centro limpo e aseado.
- Deberase gardar silencio en todas as dependencias do edificio durante as horas lectivas.

- Na aula hai que manter a debida compostura e dedicar o seu uso para o labor docente.
- Como norma habitual, non se poderá comer nin beber dentro das aulas, biblioteca e demais dependencias do centro, agás o alumnado de Educación Infantil que poderá facelo dentro da súa aula.
- Os corredoiros son dependencia de paso, polo que hai que gardar orde, evitando accións tales como gritos, carreiras, aglomeracións, etc. Durante as horas de clase non se pode permanecer nos corredoiros.
- A Sala de Profesores/as é o lugar de reunión do profesorado. O acceso do alumnado a esta dependencia queda limitado a especiais circunstancias. En caso de acceder terá que chamar e solicitar permiso para entrar.
- Non se permitirá a entrada ao centro de persoas alleas á comunidade escolar.

7.2. Dereitos e deberes do profesorado

DEREITOS DO PROFESORADO
a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e a sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e extraescolares.
e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da presente lei.
g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis adecuados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

DEBERES DO PROFESORADO
a) Respectar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, en caso contrario, pondoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

- | |
|--|
| c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar. |
| d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigacións de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención aos mesmos que lle impoña a normativa de aplicación. |
| e) Informar aos responsables do centro docente e, no seu caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado. |

7.3. Dereitos e deberes dos alumnos e alumnas

DEREITOS DOS ALUMNOS/AS
a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011 do 20 de xuño.
e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.
f) A asistir á escola.
g) A recibir una educación completa e una avaliación xusta.
h) A ter horarios adecuados á miña idade, con tempo para estudar e tempo para xogar.
i) A ter una escola limpa e segura, e a ser atendido en caso de accidente.
j) A ter espazos e materiais adecuados á miña idade.
k) A ter os meus propios materiais.
l) A expresar a miña opinión, e a que a escoiten.
m) A ser respectado polos profesores/as e os demais adultos da escola.
n) A ser respectado polos meus compañeiros, a que non me molesten nin que me fagan dano.
o) A ser aceptado e ter as mesmas oportunidades que os demais.
p) A que me axuden cando o necesito e a que me acepten tal como son.
q) A coñecer estas normas e participar na súa redacción.

DEBERES DOS ALUMNOS/AS
a) De participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros/as á educación.
b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro, de obedecer e seguir as directrices do profesorado respectándoo a el/a e aos demais adultos da escola.
c) De respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa, é dicir, de tratar por igual a todos/as, sen importar idade, sexo, raza, capacidades nin defectos.
d) De respectar e coidar as instalacións, mobles e materiais do centro.
e) De intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do noso colexio.
f) De asistir a clase con puntualidade e co material preciso.
g) De estudar.
h) De estar limpo e aseado, e de axudar a manter limpa a escola.
i) De respectar as cousas dos demais.
j) De respectar aos compañeiros/as, de non molestalos, non meterse co eles nin abusar dos débiles.
k) De ser solidario e tolerante.
l) De respectar estas normas de organización, convivencia e disciplina do noso centro.

7.4. Dereitos e deberes das familias

DEREITOS DAS FAMILIAS
a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos/as ou pupilos/as, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
d) A ser oídos, nos termos previstos pola presente lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos/as.
e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

DEBERES DAS FAMILIAS

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos/as.

7.5. Dereitos e deberes do persoal non docente

DEREITOS DO PERSOAL NON DOCENTE

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e a sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

DEBERES DO PERSOAL NON DOCENTE

- a) Respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, no seu caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que tivese coñecemento.

7.6. Condutas contrarias á convivencia

CONDUTAS LEVES

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa no apartado a), os actos de discriminación do apartado b), os actos de indisciplina do apartado c), os danos do apartado g), os actos inxustificados do apartado h) e as actuacións prexudiciais descritas no apartado i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida en devandito precepto.
b) Portar calquera obxecto, sustancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo co apartado j) do artigo anterior.
c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia do centro, así como os retrasos en entradas ao colexio, clases ou actividades e a permanencia fóra das aulas durante as horas de clase.
d) A reiterada asistencia ao centro sen o material necesario e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases, cadernos, lapis, libros, etc.
e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia do centro.
f) Non respectar as normas de entrada e saída do colexio.
g) Non seguir as orientacións dun profesor/a.
h) Non respectar o dereito á aprendizaxe dos compañeiros/as.
i) Contribuír dalgún xeito ao deterioro e falta de limpeza do material, mobiliario ou instalacións do centro, pertenzas dos/as compañeiros/as ou propias.
j) Realizar xogos que estean prohibidos e que poidan causar danos nos demais.
k) Entrar no recinto escolar por sitio distinto ó establecido.
l) Retraso sistemático na devolución dos libros da biblioteca.
m) Acudir mal vestido ou con falta de hixiene ou aseo persoal.
n) Aquela conduta que a xuízo do profesor/a supoña incumprimento das súas obrigas.

CONDUTAS GRAVES

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave: desobedecer, insultar ou ofender gravemente ás persoas do colexio.

d) A gravación, manipulación e difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.
f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación ás mesmas.
j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando se é requirido para iso polo profesorado.
k) Calquera acto dos anteriores que se producen fóra do recinto escolar noutras situacións, sempre que estivesen motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afectasen aos compañeiros/as ou a outros membros da comunidade educativa.
l) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de 3 condutas leves contrarias á convivencia.
m) O incumprimento das sancións impostas.

8. MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

PROCEDEMENTO CONCILIADO PARA AS MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVES
a) Explicación oral dos feitos por parte dos alumnos/as ó titor/a, profesorado implicado e Comisión de Convivencia, oído o Xefe/a de Estudos.
b) Nomeamento dun membro do equipo de mediación como persoa instrutora. Será elixido polo equipo de mediación.

<p>c) A persoa instrutora decidirá as medidas reeducadoras a adoptar, que poden ser:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Reparación dos danos causados, de selo caso (O alumnado está obrigado a reparar os danos que causase, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente). Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta. - Suspensión do recreo durante unha semana realizando as seguintes tarefas: relato escrito dos feitos por separado; relato escrito de accións que puidesen evitar chegar a esa situación; redacción de cartas pedindo desculpas ás partes afectadas; realización de traballos en grupo como a elaboración dun cartel coas normas de convivencia para esa situación ou realizar un pacto de respecto; relato conxunto dos feitos consensuadamente.
<p>d) A dirección do centro levará a cabo a notificación ós pais con indicación da conduta que o motiva, e as medidas reeducadoras que correspondan.</p>
<p>e) En calquera momento poderase solicitar o asesoramento do Departamento de Orientación.</p>
<p>f) No caso de que a conciliación sexa infrutuosa ou as condutas sexan moi graves, iniciárase o procedemento disciplinario.</p>

PROCEDIMENTO DISCIPLINARIO PARA AS MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVES

<p>a) Incoación do procedemento por parte do Director/a do centro, por iniciativa propia, por petición do profesorado, do titor/a do alumno/a ou do xefe/a de estudos.</p>
<p>b) Tramitación do procedemento disciplinario, de xeito que os profesores/as, a familia, o consello escolar e o inspector/a de educación poidan coñecer o sucedido e as sancións impostas. A instrución dun expediente disciplinario rexeráse polo disposto na lei, coas seguintes aclaracións:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Será instruído por un mestre/a do centro, designado polo director/a, que non pertenza ao Consello Escolar e que non estea implicado nos feitos. 2. A ser posible que non sexa mestre/a do alumno/a. 3. De todo elo farase comunicación ás familias e á inspección educativa.
<p>c) Notificación ós pais ou titor, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que correspondan e o nome do profesor/a instrutor/a. Así mesmo, comunicarase á Inspección Educativa.</p>
<p>d) Durante o procedemento, o Director/a pode adoptar como medidas provisionais o cambio temporal de grupo ou a suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos, notificando ós pais e asistindo á aula de convivencia inclusiva.</p>
<p>e) Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia ós pais, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderá acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta.</p>

f) Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta do alumno/a e impondrá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos. A resolución notificarase ós pais nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarse á inspección educativa.

g) A resolución do Director/a pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 128 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

• **Aspectos formais do procedemento disciplinario para as medidas correctoras das condutas graves:**

1. No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia deberán formalizarse por escrito, logo da tramitación dos procedementos de corrección.
2. O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente dos mesmos e polo tanto contará coa presunción de veracidade segundo o establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa e deberá conter como mínimo os seguintes datos :
 - a) Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
 - b) Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.
 - c) A norma que se estime infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
 - d) Nome, apelido, enderezo e datos académicos da alumna ou do alumno, incurso no procedemento, e se non fose maior de idade, tamén os datos identificativos dos seus proxenitores ou representantes legais.
 - e) De ser o caso, identificación das persoas que presenciasen a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.
 - f) Identificación e sinatura da profesora ou do profesor que elabore o documento.
3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou a esta ou este, se fose maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder, e o nome do docente instrutor. Así mesmo, comunicarse á Inspección Educativa.
4. As citacións ás alumnas ou aos alumnos ou, se fosen menores de idade non emancipados, tamén aos seus proxenitores ou representantes legais, realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data.
5. A non comparecencia sen causa xustificada das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, dos seus proxenitores ou representantes legais, ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.
6. As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores legais do alumnado menor de idade nos procedementos regulados no capítulo IV deste decreto son

obrigatorias para elas e eles, a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

7. A resolución do procedemento notificarase á nai ou pai, titora ou titor legal da alumna ou do alumno, ou á propia alumna ou alumno, se fose maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos dende que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, comunicándose igualmente á Inspección Educativa.

PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO PARA AS MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUTAS LEVES	
MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUTAS LEVES	COMPETENCIA DE:
a) Amoestación privada ou por escrito.	-O profesorado do alumno/a e/ou titor/a oído este e dando conta ao xefe/a de estudos. -O/A xefe/a de estudos oídos o alumno/a e o seu profesor/a ou titor/a.
b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.	
c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.	-O/A director/a, oídos o alumno/a e o seu profesor/a ou titor/a
d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.	- O titor/a do alumno/a, oído este e dando conta ao xefe/a de estudos -O/A xefe/a de estudos oídos o alumno/a e o seu profesor/a ou titor/a. -O/A director/a, oídos o alumno/a e o seu profesor/a ou titor/a
e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.	-O/A xefe/a de estudos oídos o alumno/a e o seu profesor/a ou titor/a. -O/A director/a, oídos o alumno/a e o seu profesor/a ou titor/a
f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.	-O/A xefe/a de estudos oídos o alumno/a e o seu profesor/a ou titor/a. -O/A director/a, oídos o alumno/a e o seu profesor/a ou titor/a
g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que durase a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo, asistindo á aula de convivencia inclusiva.	-O/A director/a, oídos o alumno/a, os pais, o profesorado de garda e o seu profesor/a ou titor/a
Os apartados a), b) e c) serán notificados mediante a axenda escolar. A familia asinará a nota enviada polo profesorado.	
Os apartados d), e), f) e g) serán notificados segundo modelos existentes no centro.	

• Prescripción das condutas contrarias á convivencia e as súas medidas:

- As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia prescriben ós catro meses. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado/a, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescripción para o caso de producirse a caducidade do procedemento. As medidas correctoras de ditas condutas prescriben ó ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón.
- As condutas leves contrarias á convivencia prescriben ó mes. O prazo de prescripción comezará a contarse dende o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescripción non se empezará a computar mentres aquela non cese. As medidas correctoras de ditas condutas prescriben ós catro meses da súa imposición.

• Estratexias organizativas e de prevención no centro:

- Potenciar o funcionamento da Comisión de convivencia do centro.
- Promover a participación na elaboración dos documentos do Plan de Convivencia e a súa difusión á comunidade educativa.
- Solicitar o apoio e o asesoramento do Departamento de Orientación ante situacións que poidan derivar en acoso escolar.
- Reunións periódicas dos titores co obxecto de deseñar accións para a mellora da convivencia do centro.
- Organización de grupos de traballo que favorezan as relacións persoais.
- Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.
- Desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial a competencia social e cidadá.
- Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.
- Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade.
- Vixilancia en zonas comúns: aseos, corredores, recreo, entradas e saídas...
- Desenvolvemento do programa de habilidades sociais.
- Formación do alumnado, familias e profesorado en materia de acoso escolar e ciberacoso.

• Estratexias de prevención na aula:

- Elaboración de normas de convivencia incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre os compañeiros e compañeiras, sensibilizando sobre o dano que produce o maltrato, rexeitando todos os tipos de violencia e establecendo propostas de recuperación en caso de incumprimento.
- Realizar actividades de titoría referidas a relacións no grupo, fomento da amizade, tarefas colaborativas, sensibilización fronte ó maltrato, análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos, etc.
- Traballar no grupo habilidades sociais asertivas e de autoconhecimento: valoración mutua e respecto; autocontrol, empatía e resistencia á frustración; habilidades prosociais e destrezas para a xestión das emocións.

- Facilitar ó alumnado canles para que poida comunicarse co profesorado.
- Utilizar sesións de tutoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e absentismo.
- Seguimento do clima relacional da aula. Aplicación e valoración de cuestionarios sociométricos.
- Manter contactos periódicos coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración.

9. MEDIACIÓN ESCOLAR

A **mediación escolar** é unha estratexia de resolución pacífica, na que se lle ofrece a persoas cun conflito sentarse xuntas, voluntariamente, cunha terceira parte neutral (algún membro do Equipo Mediador), falar do seu problema e intentar chegar a un acordo dun xeito positivo e colaborativo.

Tal e como se especifica no artigo 26. Mediación escolar do **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar**, os centros poderán utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.

Seguindo a Mireia Uranga (1998), unha das pioneiras no campo da mediación no noso país, a introdución dun programa de Mediación Escolar nun centro educativo de cara á mellora da convivencia, manifestase nunha serie de consecuencias e feitos de carácter obxectivo:

- Facilita un ambiente máis distendido no centro educativo
- Favorece a preocupación polos demais
- Busca estratexias para solucionar problemas de xeito non violento
- Mellora das habilidades sociais
- Favorece a comunicación entre os membros da comunidade educativa
- Os conflitos tenden a diminuír
- Búscanse outras alternativas ás sancións reglamentarias
- Axuda a que haxa unha maior implicación da comunidade educativa no centro escolar
- Favorece unha maior responsabilidade no alumnado
- Diminúe o número de expedientes disciplinarios

9.1. Características da mediación escolar

O proceso de mediación escolar caracterízase por ser un proceso educativo, voluntario, confidencial, colaborativo e con poder decisorio para as partes. Pódese dicir que as **características** da mediación escolar son as seguintes:

- É unha estratexia pacífica
- É voluntaria
- É un proceso sistemático, hai unha serie de fases que se teñen que desenvolver
- A través dela, os mediadores/as facilitan o encontro

- É un proceso educativo e transformador das persoas
- É unha estratexia de formación de toda a comunidade escolar
- Son as persoas en conflito quen aportan as solucións, aprendendo a xestionar os conflitos
- É un proceso confidencial

9.2. Fases da mediación escolar

Seguindo a Léderach, as **fases** do proceso de mediación que máis se adaptan ao contexto escolar son as que seguen (modelos de guiión en anexo 1):

1. *Premediación*: realízase unha reunión por separado con cada persoa do conflito, en busca dunha descarga emocional previa á mediación conxunta. Trátase da primeira toma de contacto e coñecemento entre os mediadores/as e cada parte. Explícase o mecanismo de mediación e se fai un relato do conflito e as súas consecuencias
2. *Entrada*: realízanse as presentacións e se explican as condicións e normas para poder realizar a mediación
3. *Cóntame*: cada unha das partes en conflito relata o que sucedeu.
4. *Situar o conflito*: realízase unha análise do conflito, resaltando os aspectos en común que expuxeron as partes. Pódense pedir aclaracións.
5. *Vías de solución*: inténtase realizar un novo enfoque para avanzar cara a solución. Pídese ás persoas en conflito que realicen un torbellino de ideas sobre posibles solucións ao conflito.
6. *Acordo*: elíxese unha solución, analízase, e redáctase un acordo para asinalo.

9.3. Equipo Mediador

Haberá un equipo dedicado á intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas utilizando unha estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.

Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecerase a mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación por parte dalgún profesor/a do centro para a intervención nestas situacións.

O equipo de mediación estará formado por:

- Orientador/a.
- A comisión de convivencia propondrá ao director/a os mestres que formarán parte deste equipo.

Durante a mediación, as persoas mediadoras deben:

- Non emitir xuízos de valor
- Ser neutral
- Mostrar empatía
- Practicar unha escoita activa

- Realizar un seguimento do acordo

As partes do conflito deben:

- Aceptar solucionar o conflito de xeito cooperativo
- Utilizar mensaxes en primeira persoa
- Poñerse no lugar do outro/a
- Manifestar a súa responsabilidade no conflito
- Colaborar para buscar unha solución
- Aceptar un acordo satisfactorio para ambas partes

As tarefas do equipo mediador para consensuar a mediación no centro son:

- Consensuar medidas sancionadoras e aplicación da mediación
- Valoración xeral dos casos de mediación realizados
- Seguimento e valoración dos resultados
- Avaliar o proceso de mediación no centro

10. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

A aula de convivencia inclusiva é un aula para o alumnado que, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Son non estables e, de ser o caso teñen a finalidade de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, e buscan a mellor reincorporar do alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

O **obxectivo** desta aula é converterse nunha alternativa á expulsión do centro para aquel alumnado sancionado con esta medida. Os obxectivos específicos da aula de convivencia son os que seguen:

- Habilitar un espazo que proporcione ao alumnado as condicións necesarias para reflexionar sobre a súa conduta contraria ás normas de convivencia
- Posibilitar que aprendan a responsabilizarse das súas propias acción, pensamentos, sentimentos e comunicación cos demais
- Contribuír a desenvolver actitudes cooperativas, solidarias e de respecto
- Posibilitar que o alumno ou alumna se sinta competente emocionalmente e na realización de certas tarefas
- Reconstruír e favorecer a súa autoestima e autocontrol
- Axudarlle a adquirir unha boa disposición cara as tarefas escolares
- Resolver conflitos de maneira pacífica desde o diálogo e a reflexión
- Educar para a vida, potenciando as relacións interpersoais de cada alumno/a para a súa integración satisfactoria na sociedade
- Mellorar a vida académica e persoal do alumno ou alumna

10.1. Criterios e condicións para a atención do alumnado

A Aula de Convivencia Inclusiva é un espazo educativo onde o alumnado poderá acudir exclusivamente cando se vexa privado do seu dereito a participar no normal desenvolvemento das actividades lectivas como consecuencia da imposición dunha corrección ou medida disciplinaria. É preciso, polo tanto, que o alumno/a recibirá algunha corrección pola súa conduta, pero non é suficiente, xa que non todos os alumnos e alumnas sancionados teñen que ser derivados a dita aula. Para derivar a un alumno ou alumna á Aula de Convivencia cabe considerar, especialmente, se con esta medida vanse acadar os obxectivos establecidos no Plan de Convivencia.

Así, as condicións para derivar a un alumno ou alumna á aula de convivencia son:

- Ser reincidente na súa actitude e conduta contrarias á convivencia
- Ter condutas contrarias á convivencia
- Subscribir, sempre que sexa posible, un compromiso de convivencia
- Presentar problemas de autoestima, autocontrol, autoconcepto, relación persoais
- Non haber asistido á aula de convivencia con anterioridade polo mesmo motivo
- A expulsión non favorecería a corrección da conduta e non sería percibida como un castigo

10.2. Actuacións da aula de convivencia inclusiva

O alumnado que, pola acumulación de partes de conduta ou pola gravidade dos mesmos, deba ser obxecto de sanción disciplinaria, poderá cumprila na aula de convivencia inclusiva, segundo o procedemento de sancións, de acordo co seguinte modelo:

1. A xefatura de estudos elaborará un informe indicando os motivos, obxectivos, días ou clases nas que o alumno/a será derivado á aula de convivencia inclusiva.
2. A xefatura de estudos solicitará aos mestres/as que atenden ao alumno/a as actividades formativas para o período de expulsión.
3. O departamento de orientación determinará as actuacións dirixidas ao proceso de reflexión que o alumno/a deberá realizar e entregará á persoa coordinadora.
4. A xefatura de estudos, a dirección ou o titor/a comunicará ás familias a medida correctiva.
5. O profesorado informará á persoa titora e á xefatura de estudos do traballo curricular realizado a través dunha ficha de seguimento do traballo realizado.

10.3. Profesorado que atende a aula de convivencia inclusiva

A aula de convivencia inclusiva será atendida polo profesorado que se atope de garda. As funcións do profesorado que atenda a aula de convivencia inclusiva serán as seguintes:

- Axudar a reflexionar ao alumnado que accede a esta aula
- Atender ao alumno/a que permanece na aula de convivencia
- Redactar unha ficha resumo do traballo realizado

10.4. Actuacións do Departamento de Orientación

O departamento de orientación elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa

finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Será o encargado de deseñar o material de reflexión e modificación de conduta, acorde coa problemática do alumno/a, así como das fichas a cubrir nos períodos que o alumno ou alumna permaneza na aula de convivencia inclusiva.

Por outra parte, cumprimentará un rexistro individualizado de conduta, atendendo á información recibida polo mestre/a-titor/a, polo mestre/a que realizou a expulsión e polo profesorado que atendeu ao neno ou nena na aula de convivencia inclusiva.

A orientadora manterá entrevistas co alumnado que asista á aula de convivencia e coas súas familias, sempre que o mestre/a-titor/a o estime oportuno.

10.5. Horario, localización e instalación

A aula de convivencia estará situada no Departamento de Orientación. No caso de estar ocupado, asignarase unha aula que estea libre nese momento. Funcionará en horario lectivo e estará atendida sempre por un mestre ou mestra.

10.6. Material didáctico

O material didáctico será elaborado polos mestres e mestras que lle impartan docencia ao alumno/a que asista á aula de convivencia inclusiva.

11. MECANISMO DE COORDINACIÓN INTERNA DO CENTRO, COAS FAMILIAS E OUTROS CENTROS E ORGANISMOS

A Comisión de Convivencia é a encargada do seguimento e coordinación do Plan de Convivencia Escolar e, a Dirección do centro e os mestres e mestras os encargados/as da aplicación das normas de convivencia do centro.

Para unha axeitada coordinación interna do centro educativo, coas familias e con outros organismos, cabe mencionar que a Comisión de Convivencia Escolar conta con membros pertencentes aos diferentes sectores da comunidade educativa, favorecendo así a comunicación.

A coordinación de actuacións no centro levarase de xeito conxunto entre a xefatura de estudos, o departamento de orientación e os titores e titoras do alumnado, favorecendo estratexias de coordinación entre o profesorado para abordar as alteracións do comportamento do alumnado, co obxectivo de que se entenda como unha actuación de todo o centro educativo.

O fomento dunha boa convivencia nos centros educativos debe entenderse como a necesidade de mellorar as relacións interpersoais, grupais, comunitarias e institucionais da comunidade educativa e, polo tanto, da sociedade. O centro educativo non pode solucionar sempre por si só todos os problemas relacionados coa convivencia, polo que é imprescindible a colaboración con axentes externos (servizos sociais, administración locais,

forzas de seguridade...) que poden apoiar aos centros educativos, tanto en labores preventivos como na intervención directa ante os problemas de convivencia. A eficaz coordinación entre os centros educativos e os axentes externos é, pois, un elemento básico a ter en conta neste Plan de Convivencia. Estas canles de coordinación externas, dependerán moitas veces da situación real que se presente, e programaranse cando se vaian a realizar.

É preciso tamén fomentar a colaboración entre escola e familia, a partir dunha coordinación axeitada entre o equipo docente, da colaboración da ANPA e, en xeral, da mellora das relacións entre todos os membros da comunidade educativa. Establecerase, polo tanto, unha estreita coordinación familia-centro, proporcionando orientacións de actuación e a través do horario de reunión coas familias. O centro educativo deberá facilitar e fomentar esta canle de comunicación coas familias, mediante:

- xuntanzas de titorías grupais coas familias
- atención individual do profesorado os martes de 17:30 – 18:30 horas.
- Circulares informativas a nivel de centro ou titorías.
- Atención individualizada do equipo directivo no horario establecido ao efecto.
- Atención individualizada da orientadora
- A páxina web do colexio

12. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN

O Plan de Convivencia estará a disposición de todo o que o precise na secretaría do Centro e existirá unha copia no Departamento de Orientación. Ademais para que os nenos o poidan coñecer tamén haberá un exemplar na biblioteca do centro, así como no espazo que hai reservado para publicacións na entrada do colexio.

13. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

Ao remate de cada ano académico farase unha valoración global das accións realizadas e reflectirase nunha Memoria Final, na que se indicará: o nivel de consecución dos obxectivos previstos, as dificultades atopadas e as modificacións introducidas, así como as conclusións e as propostas de mellora que deberán incorporarse en posteriores plans.

A avaliación realizarase en base a indicadores tanto cuantitativos como cualitativos, de tal xeito que, xunto cos datos obxectivos, queden recollidos os aspectos referidos á calidade e efectividade das intervencións.

Corresponde á Comisión da Convivencia Escolar do Centro realizar a memoria final. Contará coa colaboración do departamento de orientación así como da persoa dinamizadora

da convivencia no centro (conforme á Orde do 17 de xullo de 2007, pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes), que deberá realizar un Informe Trimestral, logo das sesións de avaliación sobre o estado da convivencia, con propostas de mellora en función dos logros acadados e das dificultades existentes.

Para avaliar o Plan de Convivencia tómanse como referente as actuacións marcadas. Cada unha delas debe ter persoas responsables (individualmente, equipos, grupo formado para este fin...) e uns prazos para facelo. No apartado de recursos sinalaríamos todo o que nos pode ser útil (documentos, rexistros, informes, medios materiais, recursos humanos...) propios ou alleos ao noso alcance. Rematados os prazos analízase o grao de consecución.

ACTUACIÓN	RESPONSABLE/S	PRAZO	RECURSOS	GRAO DE CONSECUCIÓN			OBSERVACIÓNS	
				1	2	3		
							Data	
							Data	
							Data	
							Data	
							Data	

CLAVE: 1.- Iniciado; 2.- En proceso; 3.- Rematado

Non desdeñamos a posibilidade de utilizar outros materiais e recursos para completar a nova avaliación do plan, sempre e cando enriquezan o valor desta fase do proceso.

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA WEB: www.edu.xunta.es/centros/ceipserravincios E-Mail: ceip.serra.vincios@edu.xunta.es	CEIP SERRA-VINCIOS A Serra s/n - Vincios 36316 GONDOMAR (Pontevedra)  886 120 042	
--	--	--	---

ANEXO 1: FASES DA MEDIACIÓN: MODELOS DE GUIÓN

PREMEDIACIÓN: *cada parte conta o que sucedeu.*

Nome: _____ **Curso:** _____

¿DONDE, CANDO E COMO sucedeu o conflito? *(Resumo e descrición xeral)*

¿Que relación teñen as partes en conflito?

¿Que sentimentos lle produce o conflito?

¿Apréciase a intención de resolver o conflito?

¿Que demanda, que pide, con que se daría por satisfeito-a?

¿Ten algunha idea ou proposta para solucionar o conflito?

Data : _____

MEDIADOR-A (nome e firma)

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	CEIP SERRA-VINCIOS	
WEB: www.edu.xunta.es/centros/ceipserravincios E-Mail: ceip.serra.vincios@edu.xunta.es		A Serra s/n - Vincios 36316 GONDOMAR (Pontevedra)	886 120 042

ANEXO 2: MODELOS DE FICHAS E INFORMES DA AULA DE CONVIVENCIA

INFORME DE DERIVACIÓN Á AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

DATOS DO ALUMNO/A

Nome e apelidos:

Curso:

¿Foi enviado/a á aula de convivencia inclusiva anteriormente?

- SI. Motivo:
- NON

Antecedentes de conduta do alumno/a

MOTIVOS POLOS QUE SE DERIVA Á AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

DATOS SOBRE A DERIVACIÓN						
Horario de permanencia na Aula de		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
	1 ^a					
	2 ^a					



Convivencia	3 ^a					
	4 ^a					
	5 ^a					
Actividades formativas a realizar						
Actividades de reflexión a realizar						

En Vincios , a de de

O titor/a

A orientadora

Asdo:

Asdo:



	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	CEIP SERRA-VINCIOS	
WEB: www.edu.xunta.es/centros/ceipserravincios		A Serra s/n - Vincios 36316 GONDOMAR (Pontevedra)	
E-Mail: ceip.serra.vincios@edu.xunta.es		886 120 042	

COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS

Reunidos D/Dna pai, nai ou titor/a legal do alumno/a, o titor/a D/Dna..... e a orientadora comunícaselle á familia a resolución adoptada de derivar ao citado/a alumno/a á Aula de Convivencia Inclusiva nas condicións establecidas no Plan de Convivencia do Centro.

En Vincios , a de de

O titor/a

A orientadora

Asdo:

Asdo:

Pai, nai ou titor/a legal

Asdo:



	<p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p> <p>WEB: www.edu.xunta.es/centros/ceipserravincios E-Mail: ceip.serra.vincios@edu.xunta.es</p>	<p>CEIP SERRA-VINCIOS A Serra s/n - Vincios 36316 GONDOMAR (Pontevedra)</p> <p> 886 120 042</p>	
---	---	---	---

COMUNICACIÓN Á COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Comúncaselle á Comisión de Convivencia do CEIP Serra-Vincios a resolución adoptada pola Xefa de Estudos, a Orientadora e o/a Titor/a de derivar ao alumno/a do curso á Aula de Convivencia Inclusiva nas condicións establecidas no Plan de Convivencia do Centro e coas condicións reflectidas no Informe de Derivación elaborado.

En Vincios , a de de

O titor/a

A orientadora

Asdo:

Asdo:

Xefa de Estudos

Asdo:



	<p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p> <p>WEB: www.edu.xunta.es/centros/ceipserravincios E-Mail: ceip.serra.vincios@edu.xunta.es</p>	<p>CEIP SERRA-VINCIOS A Serra s/n - Vincios 36316 GONDOMAR (Pontevedra) 886 120 042</p>  
---	---	---

DATOS SOBRE A EVOLUCIÓN DO ALUMNO OU ALUMNA NA AULA DE CONVIVENCIA

Semana do de ou de

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Asiste con regularidade					
Trae os materiais para traballar					
Realiza as actividades que se lle indican					
Mostra actitude respectuosa					
Mostra actitude reflexiva e cooperativa					
Mostra indicios de mellora					
Establece compromisos					
Outros datos de interese					

En Vincios , a de de

Responsable da aula de convivencia

A orientadora

Asdo:

Asdo: